

1.- LICENZAS DE OBRA MAIOR

Consideranse obras maiores, alomenos, as seguintes:

- Obras de nova planta (construción de edificacións: edificios, naves ou vivendas)
- Ampliación de edificacións ou instalacións de tódalas clases existentes.
- Modificacións ou reforma de edificacións existentes que supoñan rehabilitación, reconstrución ou reestruturación.
- Modificación da disposición interior de edificios se afectan ás súas instalacións xerais.
- Derruba de construcións
- Intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados

1.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA EN TÓDOLOS CASOS:

- Solicitud
- 2 copias do proxecto redactado por técnico competente, visado
- Oficios de dirección de obra, dirección de execución e de coordinador de seguridade e saúde
- Cuestionarios de estatística de edificacións. (E.V.R.)
- 1 copia proxecto de seguridade e saúde no traballo, se fora preciso segundo a lexislación vixente.
- En edificacións colectivas presentarase Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións asinado por técnico competente e visado.
- Nos casos de ampliación, copia da licenza anterior.
- De ser o caso, solicitud de acometida de servizos.

1.3.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA A MAIORES SEGUNDO SE TRATE DE:

A.-Derrubas

- Xustificación das medidas a adoptar para non afectar á seguridade pública

B.-Naves

- Copia da licenza de apertura ou solicitud simultánea. De ser o caso, xustificación de que non ten uso definido.

C.-En Solo De Núcleo Rural

- Compromiso de executar, ó seu cargo, a conexión cos servizos urbanísticos existentes no núcleo.
- Documento de cesión ó Concello do terreo necesario para a apertura ou regularización do viario.

D.-Licencia De Apertura

- Copia da licenza da edificación na que se atopa o local.
- Fotografías da fachada e do interior do local
- Se fora preciso realizar obras, deberáse solicitar a licenza para elas

2.- PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

A parcelación urbanística é a división de parcelas en lotes ou porcións co fin da súa edificación ou urbanización simultánea ou sucesiva.

2.1.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA CON CARÁCTER XERAL:

- Solicitud
- 1 copia do proxecto redactado por técnico competente, visado

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Este tipo de licenza implica a autorización municipal para utilizar unha edificación (por nova construción, reestruturación, rehabilitación ou cambio de uso), trala verificación do efectivo cumprimento da licenza de obras na execución do correspondente proxecto ou funcionamento da actividade.

3.1.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA CON CARÁCTER XERAL:

- Copia da licenza de edificación.
- Certificado final de obra visado polos colexios profesionais correspondentes.
- Declaración de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana.
- Fotografías da fachada da edificación.
- Copia da escritura pública da declaración de obra nova.
- Planos do estado definitivo das obras.

3.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA A MAIORES, SE PROCEDE:

- Certificado da posta en servizo dos ascensores.
- Certificado de instalación de gas.
- Boletín da instalación total ou parcial da Infraestrutura Común de Telecomunicacións.

4.- LICENZAS DE OBRA MENOR E OUTROS ACTOS

Consideranse obras menores, alomenos, as seguintes:

- Reforma de locais e vivendas, sempre que non supoñan cambios na súa estrutura, fachada ou distribución interior.
- Instalación de rótulos, toldos, marquesiñas, valos publicitarios, guindastres.
- Peches de parcela e pequenos movementos de terra
- Corta de masas arbóreas

4.2.-DOCUMENTACIÓN NECESARIA EN TÓDOLOS CASOS:

- Solicitud
- Plano de situación da cartografía municipal marcando a parcela na que se pretenda actuar ou consulta catastral gráfica e descriptiva da mesma.
- Fotos da zona na que se interveña. Se se intervén nunha edificación, das catro fachadas.
- Descrición e orzamento da actuación.

4.3.-DOCUMENTACIÓN NECESARIA A MAIORES SEGUNDO SE TRATE DE:

A.-Obras Interiores, Tellados, Fachadas, Fiestras Etc.

- Memoria descriptiva e orzamento detallado por partidas, das obras e instalacións.

B.-Peches De Parcelas

- Plano acotado da parcela no que se sinala o peche.
- Plano acotado do cerrume incluíndo a súa descrición e un orzamento detallado.

C.-Construción De Alpendres

- Proxecto redactado por técnico competente, visado.
- En solo de núcleo rural, copia da licenza da edificación principal ou solicitud simultánea para a mesma.

D.-Corta De Masas Arbóreas

- Deseño da parcela situando a zona onde se van cortar as árbores e descrición das especies.
- Compromiso asinado de reposición do firme dos viais de acceso á finca
- Autorización autonómica correspondente

E.-Acondicionamento Dos Locais

- Copia da licenza da edificación na que se atopa o local.
- Licenza de apertura ou solicitud simultánea á que se achegará a documentación correspondente.

F.-Declaración De Ruína

- Informe pericial redactado por técnico competente, visado, onde consten os motivos nos que se basea a declaración de ruína e que inclúa reportaxe fotográfica do estado do inmovible.
- Relación de moradores ou inquilinos.
- Relación de propietarios do inmovible.

G.-Pozos De Captación De Auga

- Autorización de Augas de Galicia para o uso da auga do pozo.

H.-Tuberías En Cunetas E Cruces De Pistas¹

- Plano acotado no que se sinala o trazado da tubería.
- Uso da tubería (abastecemento, saneamento...).

I.-Entradas En Fincas¹

- Plano acotado no que se sinala a dimensión e a localización da entrada na finca.

¹ NOTA: esta solicitud leva implícita a petición do permiso ó Concello para a servidume de uso da propiedade pública

5.- CERTIFICADOS

A.-Cualificacións Urbanísticas

- Solicitud
- Plano de situación da cartografía municipal marcando a parcela ou no seu defecto consulta catastral gráfica e descriptiva da parcela.

B.-Prescripción De Infracción Urbanística

- Solicitud
- Documentación redactada por técnico competente², visada, que conteña
 - Certificado de antigüidade no que conste a referencia catastral do inmovible.
 - Plano de situación marcando a parcela ou consulta catastral gráfica e descriptiva da parcela.
 - Fotografías de tódalas fachadas da edificación.

² NOTA: para vivendas, o técnico competente para expedir o certificado de antigüidade é un arquitecto ou un aparellador ou arquitecto técnico.